



dependencias municipais aos efectos de presentación de alegacións, durante un prazo de 30 días a partir da publicación do presente anuncio.

Barbadás, 10 de maio de 2017. O alcalde.

El Pleno de la Corporación, en la sesión del día 8 de mayo de 2017, aprobó inicialmente la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la Prestación del Servicio Municipal Bos Días Cole e Actividades Extraescolares.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 17 del texto refundido 2/2004, de 5 de marzo, de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales dicha Ordenanza se encuentra expuesta al público en el tablón de anuncios del ayuntamiento y a disposición de los administrados en las dependencias municipales a los efectos de presentación de alegaciones, durante un plazo de 30 días a partir de la publicación del presente anuncio.

Barbadás, 10 de mayo de 2017. El alcalde.

R. 1.436

Os Blancos

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 8 de maio de 2017, aprobáronse as bases reguladoras que han de rexer a convocatoria do proceso de selección para cubrir a praza de limpador/a, en réxime de persoal laboral, mediante o sistema de concurso-oposición, e posterior constitución de bolsa de traballo.

Así mesmo, achéganse as bases reguladoras das probas selectivas:

Bases xerais da convocatoria

Primeiro.- Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a selección mediante concurso-oposición de 1 praza de limpador/a, en réxime de persoal laboral temporal, así como a creación dunha bolsa de traballo co fin de cubrir de maneira rápida e áxil a dita praza cando esta puidese quedar vacante temporalmente como consecuencia de baixas por enfermidade, maternidade, ou situacións análogas.

Segundo.- Modalidade do contrato

A modalidade do contrato é temporal, regulada no artigo 15 do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

O carácter do contrato é temporal a súa duración será de 6 meses a partir da súa formalización, e en réxime de dedicación a tempo parcial (20 horas semanais).

As condicións serán:

— A xornada de traballo será de 20 horas semanais, fixando como días de descanso o sábado e o domingo. O horario de traballo será de 14.00 a 18.00 horas.

— Fíxase unha retribución bruta de 520 € inclúe o rateo das pagas extraordinarias.

Terceiro.- Condicións de admisión de aspirantes

Para participar nas probas de selección, será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

— As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

— As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión da titulación de estudos primarios ou equivalente ou estar en condicións de obtela. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Cuarto.- Forma e prazo de presentación de instancias

As solicitudes, requirindo participar nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiránselle ao Sr. alcalde deste Concello, e presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e publicaranse igualmente no taboleiro de anuncios do Concello.

A solicitude deberá ir acompañada por:

— Fotocopia do NIF ou, se é o caso, pasaporte.

— Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.



Quinto.- Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de quince días, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de cinco días hábiles para que os interesados poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas estas, a autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. A dita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicárase a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio, que terá lugar nun prazo non inferior a quince días hábiles, así como a orde de chamamento dos ou das aspirantes, segundo o resultado do sorteo. Ademais farase constar que os resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización das probas selectivas ou, se é o caso, a fase de concurso, expóranse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando a dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Sexto.- Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os tribunais cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo tribunal, por maioría.

Sétimo.- Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

Procedemento de selección

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

Fase de oposición:

A fase de oposición será previa á do concurso. Consistirá na realización dunha proba de aptitude eliminatória e obrigatoria para os aspirantes.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirirles aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Finalizada a oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos e servizos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición.

O exercicio das probas será eliminatorio e obrigatorio, cualificándose ata un máximo de 10 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

Primeiro exercicio.- Exercicio sobre actividades propias do cargo para desempeñar.

– O exercicio terá unha duración de 1 hora e cualificarase de 0 a 10, sendo necesario para aprobar obter unha cualificación de 5 puntos.

Os contidos mínimos destes programas serán os seguintes:

Materias comúns: constituirán, polo menos, unha quinta parte de devandito contido e versarán necesariamente sobre:

- Constitución Española.
- Organización do Estado.
- Estatuto de autonomía.
- Réxime local.

Materias específicas:

As materias específicas versarán sobre o contido das funcións e tarefas atribuídas legalmente ao posto a que se refiren as probas.

Fase de concurso:

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

Méritos computables:

a) Experiencia:

– 0,10 por cada mes de servizo en postos similares, cun máximo de 1 punto por servizos prestados a calquera administración pública en postos similares.

– 0,10 por mes de traballo, cun máximo de 1 punto por servizos prestados a calquera empresa privada en postos similares.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

b) Outros:

– Por atoparse en situación de desemprego debidamente rexistrado como tal nas correspondentes oficinas de emprego, da seguinte forma:

- menos de 6 meses: 0,10
- de 7 a 12 meses: 0,25
- de 13 a 18 meses: 0,40,
- de 19 a 24 meses: 0,60
- de 25 a 30 meses: 0,85
- de 31 meses ou mais: 1



— Por posuír o Celga, só se contabilizará o de maior puntuación

Celga 5, 1 punto

Celga 4, 0,75 puntos

Celga 3, 0,50 puntos

Celga 2, 0,25 puntos

Celga 1, 0,25 puntos

Máxima puntuación: 1.

Oitavo.- Cualificación

A puntuación de todos os exercicios será de 0 a 10 puntos, resultando eliminados os aspirantes que non cheguen a 5 puntos.

Noveno.- Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Concluídas as probas, elevaráselle ao órgano competente a proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos trala xustificación previa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Décima.- Funcionamento da bolsa de traballo

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias co fin de cubrir vacantes temporalmente, debidas a baixas por enfermidade, maternidade, ou análogas, ordenadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto desta que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorra unha das seguintes circunstancias:

— Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.

— Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.

— Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de dous anos.

Undécima.- Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, os interesados poderán interpor un recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e no Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado

por Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e os pactos de aplicación ao persoal funcionario e convenio colectivo do persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello dos Blancos, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de fecha 8 de mayo de 2017, se aprobaron las bases reguladoras que han de regir la convocatoria del proceso de selección para cubrir la plaza de limpiador/a, en régimen de personal laboral, mediante el sistema de concurso-oposición, y posterior constitución de bolsa de trabajo.

Asimismo, se adjuntan las bases reguladoras de las pruebas selectivas:

Bases generales de la convocatoria

Primero.- Normas generales

El objeto de las presentes bases es la selección mediante concurso-oposición de 1 plaza de limpiador/a, en régimen de personal laboral temporal, así como la creación de una bolsa de trabajo a fin de cubrir de manera rápida y ágil dicha plaza cuando ésta pudiera quedar vacante temporalmente a consecuencia de bajas por enfermedad, maternidad, u otras situaciones análogas.

Segundo.- Modalidad del contrato

La modalidad del contrato es temporal, regulada en el artículo 15 del Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre.

El carácter del contrato es temporal, su duración será de 6 meses a partir de su formalización, y en régimen de dedicación a tiempo parcial (20 horas semanales).

Las condiciones serán:

— La jornada de trabajo será de 20 horas semanales, fijando como días de descanso el sábado y el domingo. El horario de trabajo será de 14.00 a 18.00 horas.

— Se fija una retribución neta de 520 € incluye el prorrateo de las pagas extraordinarias.

Tercero.- Condiciones de admisión de aspirantes

Para participar en las pruebas de selección, será necesario:

a) Tener nacionalidad española o alguna otra que, con arreglo a lo dispuesto en el artículo 52 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia, permita el acceso al empleo público.